

11.4.- O cessionario asumirá todos os labores de mantemento preventivo e correctivo dos elementos arquitectónicos interiores e exteriores da envolvente correspondente á superficie cedida (cuberta, fachada, carpintería,...).

Anualmente o cessionario presentará un informe das actuacións seguidas.

11.5.- O cessionario asumirá as reparacións de avarías e incidentes, tanto en instalacións como en elementos arquitectónicos, así como a substitución e reparación dos danos consecuencia desta. O ámbito desta actuación engloba os espazos cedidos como os propios da Deputación da Coruña afectado

11.6.- Para a realization de calquera obra nova, de mellora, substitución e/ou reparación de elementos arquitectónicos será necesaria unha autorización previa. A solicitude irá acompañada da documentación técnica necesaria acorde á envergadura da obra proposta.

11.7.- Cando se autorice algúna obra en aplicación do punto anterior, o cessionario informará o Servizo de Patrimonio e Contratación e ao Servizo de Arquitectura e Mantemento da data prevista de comezo da obra, empresa construtora, prazo e demais datos relevantes para que os técnicos poidan realizar un seguimento externo da obra.

11.8.- A Deputación da Coruña poderá requirir ao cessionario a realization de obras de mantemento e conservación dos elementos arquitectónicos da envolvente do edificio correspondente á superficie cedida cando observe un risco grave e inminente así como unha deterioración progresiva grave.

CUARTA.- COMISION DE SEGUIMENTO

A fin de coordinar as actuacións que se derivan do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por:

1.-En representación da Deputación, o/a Deputado/a de Servizos Sociais, o/a Deputado/a de Patrimonio, Contratación e Equipamento e 1 técnico/a de Servizos Sociais.

2.- En representación da UDP tres persoas designadas por esta entidade.

3.- Actuará como secretario/a un técnico/a de servizos sociais, con voz, pero sen voto.

Son funcións da Comisión

1.-Seguir o funcionamento do centro e coñecer a memoria anual.

2.-Ter información das experiencias asistenciais e das propostas de melloras do centro.

3.-Coñecer o orzamento do centro e formas de financiamento

4.-Coñecer o grao de ocupación do centro.

5.- Coñecer as tarifas.

6.- Verificar o cumprimento das reservas de prazas a que se refire a cláusula 3.8 do presente convenio.

7.-Preparar actividades divulgativas entre os técnicos/as municipais e poboación interesada sobre o centro e as experiencias na atención aos enfermos e sobre as peculiaridades da xestión destes centros.

QUINTA.- CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión dos bens cedidos ao Patrimonio Provincial:

1.- O cumprimento do prazo de cesión, incluídos no seu caso a prórroga.

2.- O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no prego e en especial:

- O deixar de prestar os servizos inherentes ao centro de día.
- Unha prestación inadecuada do Servizo.
- O incumprimento por parte da entidade cessionaria da normativa reguladora dos Servizos Sociais, Sanitarios, laborais e Seguridade Social, prevención de riscos laborais, e calquera outra norma de carácter obligatorio.
- A realización de obras no inmoble sen a autorización da Deputación.
- A deterioración do inmoble sen achegar os medios necesarios para a súa adecuada conservación.
- O incumprimento da reserva de prazas, indicada na cláusula 3.8

3.- A Deputación terá dereito a percibir da Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña, previa taxación pericial, o valor dos detrimientos experimentados polos bens cedidos.

SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, e para a solución das dúbdas e controversias que poidan xurdir da aplicación do presente convenio terase en conta a normativa de contratos do sector público.

A xurisdicción contencioso-administrativo será a competente para coñecer das cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio suscítense entre as partes.


Faise constar que este convenio foi aprobado en sesión plenaria celebrada o día 31 de marzo de 2017.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no cabezal

O PRESIDENTE , P.D.
O DEPUTADO PROVINCIAL


Asdo. Xesús Manuel Soto Vivero

A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS (UDP) DA CORUÑA


Asdo. María Luisa Ansorena Hortega



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 35 /2017

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS (U.D.P.) DA CORUÑA, PARA PRORROGA DO PRAZO DE CESIÓN DE USO DA MILAGROSA E MODIFÍCANSE AS CONDICIONES DE CESIÓN PARA A XESTIÓN DUN CENTRO PARA ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMÉNCIAS SENÍS (COMPLEXO XERONTOLOXICO A MILAGROSA)

Na Coruña, a 7 de abril de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado dá Excma. Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das resolucións da presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, actuando no exercicio das competencias atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

E

Doutra, Dona María Luisa Ansorena Hortega, Presidenta da Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña.

Recoñéndose capacidade para a formalización do presente convenio

EXPOÑEN

1º.- Que na provincia da Coruña existe un importante colectivo de persoas maiores dependentes afectadas pola enfermidade de Alzheimer e outras demencias senísis que requiren da axuda de terceiras persoas. A atención destas necesidades pola propia familia é nalgúns casos imposible pola actual estrutura familiar e por outra banda as familias que se ocupan dunha persoa maior con demencia necesitan de recursos de apoio tanto de atención de día como de acollemento residencial. Desde estes recursos ou programas –de día ou residencial- préstase a atención profesional necesaria para a prevención, e o tratamento dos usuarios que permita mellorar a súa calidade de vida.

2º.- Que a Deputación da Coruña, consciente desta problemática, e ante a carencia de centros que presten estos servizos de día e residencial considerou oportuno prorrogar a cesión de uso do local do Centro a Milagrosa para a atención de enfermos de alzheimer e outras demencias senísis.

3º.- Que ao obxecto de facilitar a posta en marcha do centro xerontolóxico, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 23 de decembro de 1998 aprobou o prego de condicións para a selección da entidade á que cederá o uso do inmoble coa finalidade de destinalo a centro de día para a atención de enfermos de Alzheimer e outras demencias senísis, así como as condicións de cesión (BOP nº 11 do 15 de xaneiro de 1999).

4º.- O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 2 de marzo de 1999, acordou aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso de parte do edificio da Milagrosa coa finalidade de que a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP), entidade seleccionada previo concurso público, destíñe a Centro de Día para enfermos de Alzheimer e outras demencias senísis (Centro Psicoxerátrico) e con arranxo ao Prego de Cláusulas aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 23 de decembro de 1998 (BOP nº 58 de 1999).

5º.- O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de xuño de 1999 acordou aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso de parte do edificio da Milagrosa coa finalidade de que a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP) destíñe a Centro de día para enfermos de Alzheimer e outras demencias senísis (Centro Psicoxerátrico) e con arranxo ao Prego de Cláusulas aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 23 de decembro de 1998.

6º.- A Deputación da Coruña e a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP) con data 17 de xuño de 1999 formalizaron un convenio de colaboración de cesión de uso do local do Colexio A Milagrosa para a creación e xestión dun Centro para Enfermos de Alzheimer e outras demencias senísis (Centro Psicoxerátrico).

7º.- Con data de 26 de abril de 2002 asinouse a Acta de Entrega de parte do edificio da Milagrosa para a súa cesión de uso á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña, coa finalidade de destinalo a Centro de día para a atención de enfermos de Alzheimer e outras demencias senísis, começando así o cómputo do prazo de 15 anos de cesión do inmoble.

8º.- O Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2002 aprobou inicialmente o expediente de alteración de cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, e o expediente de cesión de uso á UDP, nos mesmos termos que na a cesión de uso inicial, condicionado á aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do ben.

9º.- O Pleno da Deputación en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2003 aprobou definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, aprobado inicialmente o 30.12.2002. Así mesmo, aprobou definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP, rexendo o mesmo prazo e demais condicións estipuladas no acordo plenario do 11 de xuño de 1999, no convenio de data 17 de xuño (nº 21/99) e na acta de entrega de data 26 de abril de 2002.

10º.- Dita ampliación formalizouse en documento administrativo nº 57/2003 do 3 de xuño.

11º.- O Pleno da Deputación, en sesión plenaria ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2004 aprobou definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, cuxa aprobación

inicial foi acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2004. Na mesma sesión apróbase definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP da superficie cedida ata o momento, rexendo o mesmo prazo e demais condicións estipuladas no acordo plenario do 11 de xuño de 1999, no convenio de data 17 de xuño (nº 21/99) e na acta de entrega de data 26 de abril de 2002 e na acta de entrega do 3 de xuño de 2003 (nº 57/2003).

A entrega da superficie ampliada non afectará o cómputo do prazo de 15 anos estipulado na cláusula 3ª do convenio de cesión, que comezou a contarse o día 26 de abril de 2002 coa entrega da superficie cedida inicialmente.

12º.- En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de setembro de 2004, a Deputación fai entrega do ben cuxo uso se cede mediante acta de entrega de ampliación do 8 de outubro de 2004, formalizada co nº 279/2004.

13º.- O Pleno da Deputación, en sesión plenaria ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2006 aprobou definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, cuxa aprobación inicial foi acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2006. Na mesma sesión apróbase definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP da superficie cedida ata o momento, nos mesmos termos que o inicial.

14º.- A Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP) xestionou o Complexo Xerontolóxico A Milagrosa, desenvolvendo e- ampliando os seus servizos cunha residencia dotada de 64 prazas distribuídas en tres plantas, sendo 31 habitacións dobles (62) e 2 habitacións individuais, ademais do Centro de Día que dispón de 70 prazas distribuídas en dúas plantas

15º O envellecemento da poboación na contorna rural da nosa provincia prodúcese, pola ausencia de xovenes que contribúan ao renovo xeracional. Esta carencia provoca a falta de redes de apoio familiar e vínculos afectivos na contorna, que xeran illamento e soideza nos maiores más vulnerables.

A deputación presta un apoio económico ao sostento dos servizos sociais comunitarios da provincia, que son os que prestan a atención de primeiro nivel e más próxima ao usuario. Son os profesionais dos concellos da provincia quen coñecen ben da necesidade e dificultade de acceso ás prazas de atención residencial para dependentes. Isto provoca que en moitas persoas con valoración de grao como dependente (a non consideración dos factores sociais) fagan que teñan que permanecer durante meses nos seus domicilios, sen máis apoio que o veciñal e o de súa comunidade.

O presente e o futuro máis próximo para os maiores dependentes nestas contornas demográficas, vai necesitar dos recursos residenciais para garantir a sobrevivencia.

A situación de carencia de recursos públicos especialmente os residenciais para atención de persoas afectadas por demencias senís, é moi importante na provincia da Coruña.

16º.-Na clausula 2ª do convenio e na acta de entrega do 26 de abril de 2002 , 3 de xuño de 2003 e 8 de outubro de 2004 estableceuse como prazo de cesión de uso inicial o de 15 anos que finaliza o 26 de abril de 2017.

No citado convenio indícase que o dito prazo poderá prorrogarse expresamente polo Pleno da Corporación ata un máximo doutros 15 anos máis, sen que en ningún caso o prazo total (inicial máis prorroga) poida exceder de 30 anos. Neste sentido coinciden ambas as partes na conveniencia na necesidade de realizar dita prorroga pola transcendencia do labor asistencial desenvolvida que permite ademais manter 70 postos de traballo de persoal altamente cualificado e con experiencia acreditada.

17º. A Deputación quere que a prorroga deste convenio recolla melloras que coloquen ao Centro como un recurso do sistema público, ofertando prazas concertadas coa Xunta de Galicia. Así, a UDP a cambio da cesión de locais, haberá de reverter o número de prazas que se estableza, como prazas con prezo público, e a xestión destas a cargo de concerto coa Xunta de Galicia, cando a UDP estableza o concerto.

18º.-Así mesmo considérase conveniente por ambas as partes concretar as condicións de cesión e especial no que se refire a os aspectos técnicos do uso do edificio e instalacións cedidas.

Por todo o exposto acordan formalizar o presente convenio conforme as seguintes clausulas

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto determinar a prorroga do prazo de cesión de uso do edificio A Milagrosa, á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña, hoxe denominado CENTRO XERONTOLOXICO A MILAGROSA e modificar as condicións de cesión de uso.

A superficie obxecto de cesión, de acordo cos acordos adoptados polo pleno e ampliacións de espazos posteriores, acordadas igualmente polo Pleno e que se indican na parte expositiva ascendente a 2.771,56 m².

Edificio Centro de Día e Residencia A Milagrosa	Superficie construída (m ²)
Planta Sótano	151,11
Planta Baixa	925,79
Planta Primeira	1.003,16
Planta Segunda	691,50
TOTAL	2.771,56

Espazos abertos cedidos	Superficie (m ²)
Xardín Centro de Día	648,84
Xardín de Residencia	742,17
Aparcadoiro Fachada Principal	473,91
Aparcadoiro Fachada Posterior	146,43

SEGUNDA.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

A Deputación provincial da Coruña, de conformidade co establecido na cláusula 3ª do convenio formalizado o 17 de xuño de 1999, acorda ampliar o prazo de cesión de uso do edificio A Milagrosa ata o 26 de abril de 2032.

TERCEIRA.- CONDICIONES DE CESIÓN

1.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña atenderá aos enfermos e prestará os seus servizos aos mesmos conforme as normativas estatais ou autonómicas reguladoras en materia de Sanidade, Servizos Sociais e de Seguridade Social e lexislación laboral, así como de prevención de riscos laborais, e prestará os seus servizos nas mellores condicións de atención e coidado para todos os usuarios sen discriminación de ningún tipo.

2.- A cesión de locais do Centro A Milagrosa por parte da Deputación Provincial teñen como obxectivo xerar un recurso destinado á atención de persoas afectadas de Alzheimer e outras demencias nos seus distintos estadios de evolución.

3.- Dada a situación familia de moitas familias con enfermos que non poden optar a unha praza residencial privada, a deputación quere revertir con esta cesión na producción dun ben de uso público. Para iso, a UDP obrígase á cesión á deputación de 2 prazas residenciais para persoas con enfermidade de alzheimer ou outras demencias senís, para o seu uso público mediante concerto de estancias coa Xunta de Galicia.

Ditas prazas non poderán ser utilizadas pola UDP como prazas privadas, quedando en exclusiva destinadas a concerto como prazas de uso público.

4.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña comprométese a manter o equipo necesario para o adecuado funcionamento do centro así como a dotalo do persoal máis cualificado e suficiente para cumplir os fins da cesión.

5.- A Deputación non asume a través deste expediente de cesión ningún compromiso de colaboración no mantemento do centro e as súas actividades e exclúe expresamente calquera responsabilidade en relación coa xestión e funcionamiento do mesmo. Os traballadores que desempeñen as súas funcións en ou desde o devandito centro, non terán relación laboral nin de ningún outro tipo coa Deputación provincial da Coruña.

A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña deberá abonar os gastos de suministración e instalación e consumo de enerxía eléctrica, gas, auga, teléfono e redes de Informática e telefónica, seguros e calquera outro gasto de funcionamento do Centro. Correspondrá á Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) o abono do IBI, no caso de que por normativa establecésese a súa esixencia dado que actualmente está exento, e de modo proporcional ós metros cuadrados ocupados do Edificio.

6.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña deberá facilitar á Deputación en todo momento o acceso ao centro así como a súa documentación para verificar o correcto funcionamento e o adecuado cumprimento das condicións de cesión.

7.- A Deputación será informada periodicamente, e como mínimo cada tres meses, a través do departamento de Servizos Sociais, do financiamento da Residencia e do Centro de día, das súas experiencias asistenciais, da evolución da demanda e das listas de espera, así como formará parte da comisión de valoración das solicitudes de ingreso no centro e do comité técnico de seguimiento do proxecto.

8.- Uso de prazas residenciais.-

8.1. A UDP obrígase á cesión á deputación de 2 prazas residenciais para persoas dependentes, para uso público mediante concerto de estancias coa Xunta de Galicia. Ditas prazas non poderán ser utilizadas pola UDP como prazas privadas, quedando en exclusiva destinadas a concerto como prazas de uso público.

8.2. A UDP ofertará mediante acordo ou convenio un número non inferior a 6 prazas de Atención de día aos concellos da provincia da Coruña. Esas prazas non poderán ser utilizadas pola UDP como prazas privadas.

9.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña non terá que abonar á Deputación cantidade algúna en concepto de utilización do inmoble.

10.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña estará obrigada a facer constar a participación da Deputación provincial da Coruña en todo o seu material divulgativo, páxina web do centro, actividades e publicidade así como no propio inmoble.

11. Cumpriranse todas as condicións de uso informadas polo servizo de Arquitectura, en concreto:

11.1.- As portas dobles de comunicación coas diferentes plantas da Milagrosa utilizaranse de maneira exclusiva en caso de simulacro de incendio e/ou emergencia real e non para outros fins.

11.2.- O cessionario asumirá todos os labores de mantemento preventivo e correctivo así como controis e revisións regulamentarios das instalacións, sistemas e/ou aparellos.

11.3.- Para os efectos de coñecer o estado das instalacións no momento dunha posible reversión á Deputación o cessionario presentará anualmente un informe das actuacións seguidas, revisións, actas,... das instalacións (eléctrica, contraincendios, abastecemento de auga, auga quente sanitaria – leixonela, aparatos elevadores, gas, ventilación, paneis solares...). De maneira similar entregaranse as actas de inspección de sanidade dos espazos destinados a tratamento de alimentos e cociña.